



Miguel Ángel Delgado González
Rúa Juan Castro Mosquera, nº 28, 2º Dcha
15005 A Coruña
prensa@xornalgalicia.com

RESOLUCIÓN SOBRE SUSPENSIÓN DO PRAZO DE RECURSO E CONCESIÓN DE ACCESO A EXPEDIENTE

Expediente núm.: PR100A_2020/001

Asunto: Solicitud de suspensión e copia expediente

Interesado: Miguel Ángel Delgado González

Data de inicio: 29/01/2020

O 15 de xaneiro de 2020 tivo entrada na Secretaría Xeral da Presidencia, unha solicitude de acceso á información pública. O seu obxecto é a obtención de información en relación coas solicitudes de acceso a información pública presentadas na Presidencia da Xunta por don Miguel Ángel Delgado González e a Asociación Pladesemapesga.

Unha vez analizada a solicitude, esta Secretaría Xeral considerou que incorría no suposto establecido 19.3 da citada Lei 19/2013 e 27.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, razón pola cal se abriu o trámite de alegacións. O día 23 de xaneiro de 2020, vostede presentou escrito de alegacións opoñéndose á concesión do acceso.

Por Resolución de 28 de xaneiro de 2020, concédese o acceso á información pública solicitada aínda que, como establece o número 2 do artigo 20 da Lei 1/2016, o acceso só terá lugar cando transcorrese o prazo do artigo 22.2, é dicir, cando transcorrese o prazo para interpoñer recurso contencioso administrativo sen que se formalizase ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información.

O 29 de xaneiro de 2020, presentou vostede, ante a Secretaría Xeral da Presidencia, un escrito comunicando a solicitude de asistencia xurídica gratuíta ante o Servizo de Estudos e Asistencia Xurídica Gratuíta e solicitando, por unha banda a suspensión do prazo para presentar recurso ante a Resolución de 28 de xaneiro e, por outra banda, copia da totalidade do expediente.

Segundo o artigo 16.2 da lei 1/1996, de 10 de xaneiro de asistencia xurídica gratuíta:

Cando a presentación da solicitude do recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta se realizase antes de iniciar o proceso e a acción poida resultar prexudicada polo transcurso dos prazos de prescrición ou caducidade, estes quedarán interrompidos ou suspendidos, respectivamente, ata a designación provisional de avogado e, de ser preceptivo, procurador da quenda de oficio que exerciten a acción en nome do solicitante; e se non fose posible realizar eses nomeamentos, ata que recaia resolución definitiva en vía administrativa, recoñecendo ou denegando o dereito.

O cómputo do prazo de prescrición renovarase desde a notificación ao solicitante da designación provisional de avogado polo Colexio de Avogados ou, no seu caso, desde a notificación do recoñecemento ou denegación do dereito pola Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta e, en todo caso, no prazo de dous meses desde a presentación da solicitude.





No caso de que esta petición houber sido denegada, for claramente abusiva e unicamente estea preordenada a dilatar os prazos, o órgano xudicial que coñeza da causa poderá computar os prazos nos estritos termos legalmente previstos, con todas as consecuencias que diso derívese.

Toda vez que presentou, con data 30 de xaneiro de 2020, a solicitude de asistencia xurídica gratuíta, o prazo para presentar o recurso contencioso administrativo queda suspendido de xeito automático, por aplicación do antedito artigo 16.2. O cómputo do prazo reanudarase dende que sexa notificada a designación provisional de avogado ou o recoñecemento ou denegación do dereito por parte da Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta e, en todo caso, no prazo de dous meses dende a presentación da solicitude.

Respecto da segunda das pretensión formuladas, concédese o acceso e copia dos documentos obrantes no expediente. A relación de documentos que o compoñen é a seguinte:

01. Solicitude de acceso a información pública (15/01/2020)
02. Comunicación ao solicitante de apertura de prazo de alegacións e suspensión do prazo para resolver (23/01/2020)
03. Comunicación ao terceiro da apertura de prazo de alegacións (23/01/2020)
04. Presentación de alegacións por parte do terceiro (23/01/2020)
05. Comunicación ó solicitante da resolución de concesión de acceso a información pública con oposición de terceiro (29/01/2020)
06. Comunicación ó terceiro da resolución de concesión de acceso a información pública con oposición de terceiro (29/01/2020):
07. Solicitude de suspensión do prazo para interposición de recurso e de copia do expediente (29/01/2020)
08. Solicitude ao Servizo de Estudos e Asistencia Xurídica Gratuíta de información sobre concesión ou denegación da asistencia xurídica gratuíta
09. Ampliación de alegacións por parte de Miguel Ángel Delgado González en relación coa súa oposición ao acceso ao expediente.

Dado que os documentos 03, 04, 06, 07 e 09 obran no seu poder, xúntanse a esta Resolución como Anexo os documentos 01, 02, 05 e 08, debidamente anonimizados.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, perante os xulgados de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses ou, previa e potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes; en ambos os dous casos o prazo contarase desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución.

Santiago de Compostela

O secretario xeral da Presidencia

Álvaro Pérez López

